

A votación no Comité Intercentros para a creación das categorías de PSX e Xerocultor pode ser o martes

OS DELEGADOS DA CSIF VEÑEN DE SOLICITAR A CONVOCATORIA DE PLENOS EXTRAORDINARIOS NÓS COMITÉS POLO ACORDO DE INTEGRACIÓN DO CONSORCIO E A CREACIÓN DE CATEGORÍAS (PSX – XEROCULTOR)

Tras os derradeiros acontecementos, nos que a Dirección Xeral da Función Pública ven de pactar en segredo cós sindicatos CIG, CCOO e UGT a folia de ruta e o texto definitivo cara a creación das categorías de PSX e Xerocultor, **os delegados da CSIF solicitan a convocatoria urxente de plenos extraordinarios nós Comités de Empresa da Consellería de Política Social** para que os traballadores podan coñecer o posicionamento dos seus representantes sobre dita cuestión.

É urxente a súa convocatoria porque é inminente a convocatoria da Dirección Xeral da Función Pública ó Comité Intercentros para a votación do acordo de creación das categorías de PSX e Xerocultor.

CSIF firmou o acordo de integración do Consorcio. **E votou a favor fai sete anos da LOFAXGA**, lei fundamental que habilita os procesos de integración dos entes instrumentais (outros votaron en contra). **Tamén votamos a favor do decreto de integración** que regula o procedemento a seguir nas integracións (e os mesmos volveron votar en contra para impedir as integracións). Pero neste caso a creación das categorías de PSX e Xerocultor imponse como unha **chantaxe**, e nós non estamos acostumbrados ás chantaxes nin as ameazas...nin imos pasar por elas, sobre todo porque o rescate teñen que pagalo o conxunto dos empregados públicos da Xunta. Tamén o persoal funcionario...tempo ao tempo...

En todo caso, creemos que **os Comités de Política Social, como primeiros afectados pola falcatuada, no poden mirar cara outro lado nin facer deixación das súas funcións.**

E obriga de ditos comités, como órganos independentes que son, dar a cara e posicionarse sobre unha cuestión de vital importancia para os empregados públicos que representan e que marcará o futuro de moitos deles.

E por último dicir que non. Que **non é certo o que están a dicir algúns...** “como o goberno o quere facer nos non podemos facer nada”. Todo o contrario, podemos e debemos. Se na votación do Comité Intercentros sete dos seus membros votan en contra mandamos o carallo o plan do goberno para devaluar o emprego público.

Por hixiene democrática esperamos que ninguén impida a celebración dos plenos extraordinarios. Xa os contaremos....